A COPA COMEZARÁ O 17 DE SETEMBRO

Ánimas e Cedeira son os rivais do Numancia na competición de copa. Ares, 17 de agosto de 2011 Onte á tarde celebráronse no local da delegación ferrolá de fútbol os sorteos correspondentes de liga e copa da temporada 2011-12.

Esta temporada a comarca ferrolá presenta 26 equipos de categoría infantil nunha competición de liga que comezará o 6 de novembro e rematará o 12 de maio. Os dous grupos da segunda autonómica infantil quedaron formados polos seguintes equipos:

Grupo 4º: Eume, Escola R. Ferrol, Neda, Maniños, Narón B, Ortigueira, G. Caranza B, San Sadurniño, G. Mugardos, Cedeira, Val, Meirás e Portuarios B

Grupo 5º: Ánimas, Cebarca, Miño, As Pontes, Perlío, Amistade Meirás, Narón, Barallobre, Portuarios,
Numancia
, Escola G. Caranza, R. San Pedro e R. Ferrol.

A continuación celebrouse o sorteo de copa, competición que comezará o 17 de setembro. Nunha primeira fase, creáronse oito grupos dos que sairán os oito equipos clasificados para cuartos de final.

Grupo A: Narón B, Maniños, As Pontes e Eume.

Grupo B: Escola G. Caranza, Perlío, San Sadurniño e Cebarca.

Grupo C: Portuarios B, R. Ferrol e Miño.

Grupo D: Neda, Barallobre e Escola R. Ferrol.

Grupo E:
Numancia
, Ánimas e Cedeira.

Grupo F: Ortigueira, Meirás e G. Caranza B.

Gupo G: R. San Pedro, Amistade Meirás e Val.

Grupo H: G. Mugardos, Narón A e Portuarios.